



A entrevista

A entrevista. Chusa Expósito, Carmela Valiño e Marta Álvarez.

Milhulloa e Granxa Maruxa*.

Milhulloa é unha cooperativa de prantas medicinais ecolóxicas e Granxa Maruxa unha explotación ecolóxica de leite, ambas da Comarca da Ulloa, ambas femininas e cunha traxectoria duns 15 anos. En que consiste o voso actual proxecto de colaboración?

As dúas iniciativas temos relación desde hai anos e existe moita conexión nas formas de facer. Granxa Maruxa produce galletas de nata e ten un subproduto, o leite desnatado, que é necesario poñer en valor. O proxecto é lanzar unha liña de cosmética natural ecolóxica e de alta calidade a partir deste leite, xunto coas plantas medicinais de Milhulloa. Esta nova produción conxunta estará no mercado en outubro deste ano.

Como se chega a un proxecto de colaboración como este?

Ademais de coñecernos desde hai tempo, tivemos oportunidade de xuntarnos en reunións con outras iniciativas da comarca, en feiras, campos vivenciais nos que presentamos os nosos proxectos a persoas emprendedoras, etc... Xerouse unha relación de amizade e de apoio: compartimos o que nos pasa nas nosas respectivas iniciativas e sempre quixemos facer algo en común.

Vós tedes formación universitaria en Farmacia, Bioloxía e Empresariais? Por que apostades por vivir e traballar no rural?

En parte inflúen factores casuais: Milhulloa xorde a partir dun curso de emprendemento no que se nos ocorre este proxecto. Pero tamén porque valoramos as vantaxes de vivir no campo: a conexión co clima e os ciclos naturais, a posibilidade de desenvolver proxectos ecolóxicos, de dignificar o rural. E tamén porque aquí temos moita vida social e vivimos ben. Sempre se dixo que o traballo no campo é moi escravo, pero existe un relevo xeracional, de persoas que estudamos fóra, vivimos outras realidades e nos formulamos outra forma de vivir o rural que tamén contemple o tempo libre. O feito de vivir fóra cámbiate. Se te deixas levar demasiado polo traballo, a cabeza tamén se emburra: está sempre aí e non te dá para pensar.

*Chusa Expósito e Carmela Valiño son socias de Milhulloa. Marta Álvarez é socia de Granxa Maruxa.